



"O pesimismo contáxiase máis que a peste, haberá que superalo con rebeldía e coraxe"

[David Lombao](#) Sábado 24, novembro 2012

Alberto Ramos (Compostela, 1986) vén de gañar o premio Vicente Risco de creación literaria coa súa terceira novela, *Todos os días*, que sairá do prelo da man da editorial Sotelo Blanco. O bucle vital dun mozo que vén de quedar no paro tras o peche do diario no que traballaba é o piar no que se apoia esta historia de crise persoal e colectiva, que o mesmo describe as dificultades do oficio de contar noticias que o de calquera persoa que ve como esvaen os seus horizontes laborais. O xornalista e escritor, [tamén colaborador de Praza Pública](#), admite diversas conexións coa realidade na ficción da súa novela. Pero este non é "un axuste de contas". Ao cabo, ironiza, é imposible que alguén observe moitos paralelismos co propio pasado laboral do autor: "Xornal de Galicia nunca existiu ou, polo menos, hai moi poucas probas de que existise", relata con retranca.

Tres libros e tres premios, dá máis alegrías a literatura que o xornalismo?

Eu téñolle un pánico atroz aos editores, non porque me caian mal, pero non teño a valentía de ir cun manuscrito a dicirlle a un editor se mo publica. Por iso prefiro presnetarme aos premios dende o anonimato e se gañas, gañas, e senón nada. O xornalismo leva moito tempo de velorios, de despedimentos, de compañeiros e compañeiras que perden o traballo a un ritmo de vertixe. Alegrías, practicamente ningunha e non ten trazas de que iso vaia mellorar. Hai quen di que vivimos demasiado ben, non sei quen viviu tan ben do xornalismo, eu dende logo non e a maioría tampouco. Sempre hai algunha excepción, algún ex director, algún tertuliano...

Hai quen vive ben do xornalismo, pero non hai moito xornalista que viva ben...

Seguramente quen vive ben do xornalismo é quen menos xornalismo fai, tal e como están as cousas. O número de despedimentos que houbo en todo o Estado dende que empezou esta crise foron 8.000, en Galicia foron o 10%. En apenas tres anos, iso son cifras de reconversión. E quen o está pagando non son os consellos de administración, senón os xornalistas, os traballadores, os obreiros.

En *Todos os días* imos atopar eses velorios, esas escasas alegrías do oficio e o xeito en que se xestionan?

No libro está reflectida a situación dos medios de comunicación, pero ese é un pano de fondo, a escusa. Para min o destacable é a ruptura dunha rutina. Sempre din que a rutina é alienante, pero a alienación real tamén é a ausencia dunha rutina. Esa destrución é o principal no libro e

iso pode entendelo un xornalista, quen saíu escaldado do téxtil, os do metal, os do naval, os funcionarios que están perdendo dereitos... Ese medo é algo moi colectivo, entendémolo todos.

Porque un xornalista no paro non deixa de ser unha persoa no paro como calquera outra...

Non hai diferenzas. Somos obreiros e marchamos con vinte días por ano traballado igual, mesmo con despedimentos por correo electrónico. Non hai ningunha diferenza a respecto do albanel que xa non ten traballo, non máis diferenza que falar máis disto en Twitter. Somos obreiros e saímos igual de escaldados desta masacre.

Pódese lle poñer á novela a etiqueta de “outro libro sobre a crise” ou xa estamos falando doutra cousa?

As etiquetas son moi perigosas. Non estamos falando dunha crise, isto é unha guerra. Os bombardeos son diferentes pero hai vítimas e especuladores que se seguen forrando.

É, se cadra, unha novela máis bélica que económica?

Nese sentido, si, no transfondo. É unha guerra e estamos perdendo de forma clara e evidente. Queda a dúbida de se facemos o suficiente e saber exactamente quen é o inimigo.

Calquera parecido da historia da novela coa realidade é pura casualidade?

Pura casualidade ou pura causalidade. Xa o saberá cada lector. Hai paralelismos? Si. Evidentemente, o protagonista é un xornalista de menos de 30 anos tras un ERE de extinción e un peche dun medio de comunicación. Evidentemente, eu traballei en Xornal de Galicia e vivín iso exactamente. Por baixo hai unha relación clara e unha inspiración evidente, que non se pode negar. Pero isto non é una crónica, é unha novela e hai ficción.

Así, dalgún xeito a protagonista é a crise en xeral, máis que a crise do xornalismo en particular?

A novela fala de oito días e repítense a alienación. Non pasan grandes cousas, vai de lufadas, de episodios, de detalles que foron pasando no tempo. Repítense cousas constantemente porque todos os días se parecen moito, todos se parecen a un día gris de novembro. O paro xa existía hai cinco anos pero agora está máis xeralizado, de forma atroz. A constante é a sensación de baleiro e de desconexión, de ruptura da rutina. Hai que reconstruírse ante a perda dunha forma de vivir, hai que loitar.

Pódese substituír esa fase de autodestrución pola rebeldía?

A rebeldía sempre é moi importante, e agora falamos dunha depresión colectiva. O pesimismo contáxiase máis que a peste, e a depresión tamén. Entón, hai que buscar esa rebeldía, porque estamos en guerra e estamos perdendo. Haberá que facer algo por superalo, con rebeldía e coraxe.